

# CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO DAS MATERIAS DO DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA PARA O CURSO 2018-19.

## ECONOMÍA 1º BACHARELATO

### Crterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

#### Crterios de cualificación

Como se indicou no apartado 4.3 da programación, para avaliar ao alumnado, empregaranse: probas escritas, producións do alumnado, observación directa e intercambios orais. Esta cualificación obterase a partir da análise por parte da docente dos instrumentos de avaliación xa citados.

Cualificarase en números enteiros de 0 a 10.

#### Cualificación cuantitativa

- **Probas escritas:** Realizarase a lo menos duas probas escritas por avaliación, que incluírá preguntas de desenvolvemento curto ou tipo test e haberá polo menos unha pregunta de desenvolvemento na que a claridade de exposición e a capacidade de síntese será moi valorada; ademais exercicios prácticos relativos ao temario impartido en cada avaliación. Na resolución de casos prácticos e exercicios deberán figurar as operacións de modo que poida reconstruírse a argumentación lóxica e os cálculos do alumno. O alumnado coñecerá a valoración de cada pregunta ao realizar o exame.

Se hai máis dun exame por avaliación, é necesario obter una cualificación non inferior a 4 para facer a media. As probas específicas ponderarán un 80% ou 90% na cualificación final.

Estes exames valoraranse de 0 a 10 puntos e logo aplicarase a ponderación.

Si durante o exame detecto de forma clara e manifesta calquera actuación sospeitosa dos alumnos relativa á utilización de materiais ou medios que supoñan un recurso externo (chuleta, axuda dalgún compañeiro ou compañeira, libros, móvil etc.) así como non seguir as instrucións ditadas pola docente para a realización da proba, suporá, que éste alumno/a obterá a calificación de suspenso na referida proba (outorgándosele a cualificación de 0). Está totalmente prohibido o uso de calquera dispositivo electrónico (móviles, tabletas, reloxos ou calculadoras programables).

- **Producións do alumnado:** Despois de cada unidade didáctica, os alumnos e alumnas deberán realizar tarefas e actividades realizadas individualmente ou en grupos, para realizar na clase (normalmente) ou na casa. A profesora indicará a data de entrega das actividades e **non serán admitidas en datas posteriores salvo casos de forza maior.**

A produción do alumnado ponderará un 10% na cualificación final. **Se non se puideran realizar as actividades nun número suficiente, a súa valoración pasará a incrementar (en todo ou en parte) a valoración das probas escritas.**

Tanto nas probas específicas como no resto das producións, o alumnado deberá utilizar adecuadamente o vocabulario específico. A desorde, a falta de limpeza, na presentación, a mala redacción e os erros ortográficos suporán unha diminución na cualificación.

- **Seguimento diario en clase** (medido mediante os intercambios orais co alumnado e a observación directa): Teráse en conta para a cualificación do alumno, a súa asistencia e puntualidade, a participación activa na clase, o uso ordenado do material entregado, a orde e o método ao realizar as tarefas, o respecto e tolerancia cos compañeiros e a profesora, o seu comportamento na clase, traer o material necesario a clase (apuntes, libreta), cumprimento das normas de convivencia, a utilización do móbil sen autorización expresa, etc...

O seguimento diario en clase ponderará un 10% na cualificación final. Para poder sumar este apartado é necesario acadar unha calificación positiva nos apartados referidos tanto a probas escritas como a produción do alumno.

### **Cualificación dunha avaliación**

A cualificación por avaliación é numérica sen decimais, do 0 ao 10. Esta cualificación obtérase a partir da análise por parte da docente dos instrumentos de avaliación xa citados. Para aprobar unha avaliación é imprescindible obter un mínimo de 5 puntos.

No caso de que a nota teña decimais, o redondeo quedara a decisión da profesora e realizarase en función da actitude no trimestre.

### **Recuperación e reforzo**

Os alumnos/as que suspendan unha avaliación terán a oportunidade de recuperala. Ao alumnado que o requira, facilitaráselle actividades de recuperación e reforzo que poderán consistir en:

- Realizar traballos, cuestionarios, prácticas, exposicións, informes, sobre aqueles aspectos nos que se detectaran maiores deficiencias.
- Repetir determinadas actividades, cando se observase que na súa realización o alumno non dedicou o suficiente tempo ou esforzo.
- Realizárase un exame de recuperación de cada avaliación, é dicir, **en cada avaliación farase a recuperación pertinente.**

Só será necesario realizar a recuperación dos estándares nos que non se acade o grao mínimo de consecución.

### **Cualificación final da materia**

Para a nota final se estará á media das tres avaliacións de que consta o curso. Considerarase superado o curso si esa media é de 5 ou superior nota. Para ter aprobada a materia na convocatoria de xuño, é necesario ter superadas alo menos 2 avaliacións tendo na terceira delas unha cualificación non inferior

ó 4. O redondeo farase segundo ao longo de todo o curso segundo os criterios descritos con anterioridade.

### **Recuperación para o alumnado con faltas de asistencia**

As faltas de asistencia **xustificadas** darán lugar ao dereito de repetir exames, actividades e tarefas ou prolongar o prazo de entrega destas últimas. De non se xustificar, esa actividade será avaliada cun cero. Os criterios para xustificar as faltas están recollidos nas normas de organización e funcionamento do centro.

### **Proba extraordinaria de setembro**

Se fóra necesario, por non conseguir unha cualificación de 5 na convocatoria de xuño, acudirá a convocatoria de setembro, Esta proba versará sobre tódolos contidos que se traballaron na aula ao longo do curso sen diferenciar avaliacións. Será de contido teórico-práctico calificada sobre 10. Para aprobar a materia na convocatoria extraordinaria de setembro, será necesario chegar a unha nota mínima de 5 puntos.

### **Promoción**

Ao finalizar o curso, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado, tomándose especialmente en consideración a información e o criterio do profesor tutor, fundamentándose nos estándares de aprendizaxe avaliados básicos acadados e na madurez do alumno.

## **ECONOMIA DA EMPRESA 2º BACHILLERATO**

### **Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.**

#### **Criterios de cualificación**

Como se indicou no apartado 4.3 da programación, para avaliar ao alumnado, empregaranse: **probos escritos, producións do alumnado, observación directa e intercambios orais**. A súa introdución na avaliación terá en conta os seguintes criterios:

#### **Cualificación cuantitativa**

- **Probos escritos:** Realizarase a lo menos dúas probas escritas por avaliación, a estrutura das probas será similar a das ABAU tratando de combinar, na medida en que a secuencia do programa o permita, contidos teóricos e exercicios prácticos. O alumnado coñecerá a valoración de cada pregunta ao realizar o exame.

Os exercicios prácticos terán unha puntuación máxima de 2,5 puntos cada un, pero se penalizará cunha redución de 0,25 puntos os erros en operacións, 0,25 puntos non indicar as unidades nas que se expresan os resultados, 0,25 puntos omitir elementos esenciais das representacións gráficas (variables

dos eixos, función representada, escalas de valores, etc...) e 0,25 non razoan as respostas nos casos en que se pida facelo. Na resolución dos casos prácticos deberán figurar as operacións de modo que poida reconstruírse a argumentación lóxica e os cálculos do alumno.

A resolución de casos prácticos pode consistir en:

- Cálculo e interpretación da produtividade dun factor e da global e dos índices de produtividade e taxas de variación.
- Cálculo e interpretación de custos de produción: fixos, variables, totais, medios, marxinais e as representacións gráficas dos mesmos.
- Punto morto: cálculo, interpretación, representación gráfica e decisión entre comprar ou fabricar.
- Cálculo dos custos da xestión de stocks, cálculo do volume óptimo de pedido (método de Wilson)
- Elaboración de fichas de almacén: método do prezo medio ponderado e método FIFO.
- Elaboración do balance estruturado en masas patrimoniais e da Conta de Perdas e Ganancias.
- Análise económico e financeiro da empresa: cálculo e interpretación do Fondo de manobra, e de ratios (proporcionarase as fórmulas que permiten calcular as ratios).
- Cálculo e interpretación da rendibilidade económica e da rendibilidade financeira, non se facilitarán as fórmulas.
- Selección de investimentos: Prazo de recuperación, Valor actual neto (VAN).

As preguntas teóricas serán de dous tipos:

- preguntas de resposta curta que requiren a elaboración de explicacións breves por parte do alumno, valorarase especialmente a precisión e concisión na resposta. Tamén se valorarán positivamente os exemplos aclaratorios.
- Preguntas de resposta curta que non esixen que o alumno elabore unha explicación e que se respostan cunha palabra, unha enumeración de elementos ou unha frase curta.

**Nos exames se valorará o uso con precisión do vocabulario técnico específico da materia.** A desorde, a falta de limpeza, na presentación, a mala redacción e os erros ortográficos suporán unha diminución na cualificación.

Se hai máis dun exame por avaliación é necesario obter una cualificación non inferior a 4 para facer a media. As probas específicas ponderarán un 90% na cualificación final.

Estes exames valoraranse de 0 a 10 puntos e logo aplicarase a ponderación.

Si durante o exame detecto de forma clara e manifesta calquera actuación sospeitosa dos alumnos relativa á utilización de materiais ou medios que supoñan un recurso externo (chuleta, axuda dalgún compañeiro ou compañeira, libros, móvil etc.) así como non seguir as instrucións ditadas pola docente para a realización da proba, suporá, que éste alumno/a obterá a calificación de suspenso na referida

proba (outorgándosele a cualificación de 0). Está totalmente prohibido o uso de calquera dispositivo electrónico (móviles, tabletas, reloxos ou calculadoras programables).

- **Produccións do alumnado:** Despois de cada unidade didáctica, os alumnos e alumnas deberán realizar tarefas e exercicios realizados individualmente, para realizar na clase (normalmente) ou na casa. A profesora indicará a data de entrega das actividades e non serán admitidas en datas posteriores salvo casos de forza maior.

A produción do alumnado ponderará un 5% na cualificación final. **Se non se puideran realizar as actividades nun número suficiente, a súa valoración pasará a incrementar (en todo ou en parte) a valoración do seguimento diario en clase.**

- **Seguimento diario en clase** (medido mediante os intercambios orais co alumnado e a observación directa): Teráse en conta para a cualificación do alumno, a súa asistencia e puntualidade, a participación activa na clase, o uso ordenado do material entregado, a orde e o método ao realizar as tarefas, o respecto e tolerancia cos compañeiros e a profesora, traer o material necesario a clase (apuntes, libreta), respecto as normas de convivencia e comportamento durante a clase.

O seguimento diario en clase ponderará un 5% na cualificación final. Para poder sumar este apartado é necesario acadar unha calificación positiva no apartado referido a probas escritas.

### **Cualificación dunha avaliación**

A cualificación por avaliación é numérica sen decimais, do 0 ao 10. Esta cualificación obterase a partir da análise por parte da docente dos instrumentos de avaliación xa citados. Para aprobar unha avaliación é imprescindible obter un mínimo de 5 puntos.

No caso de que a nota teña decimais, o redondeo quedara a decisión da profesora e realizarase en función da actitude no trimestre.

### **Recuperación e reforzo**

Os alumnos/as que suspendan unha avaliación terán a oportunidade de recuperala. Ao alumnado que o requira, facilitaráselle actividades de recuperación e reforzo que poderán consistir en:

- Realizar traballos, cuestionarios, prácticas, exposicións, informes, sobre aqueles aspectos nos que se detectaran maiores deficiencias.

- Repetir determinadas actividades, cando se observase que na súa realización o alumno non dedicou o suficiente tempo ou esforzo.

- Realizarse un exame de recuperación de cada avaliación, é dicir, **en cada avaliación farase a recuperación pertinente.**

Só será necesario realizar a recuperación dos estándares no que non se acade o grao mínimo de consecución establecido no apartado 4. Non será necesario realizar a recuperación se en algún estándar a consecución é do 40% ou superior e a media ponderada é de 5 ou superior.

### **Cualificación final da materia**

Para a nota final se estará á media das tres avaliacións de que consta o curso. Considerarase superado o curso si esa media é de 5 ou superior nota. Para ter aprobada a materia na convocatoria de xuño, é necesario ter superadas alo menos 2 avaliacións tendo na terceira delas unha cualificación non inferior ó 4.

Como a cualificación final é numérica sen decimais, do 0 ao 10 será necesario realizar un redondeo; o redondeo farase segundo os criterios descritos con anterioridade ao longo de todo o curso.

### **Recuperación para o alumnado con faltas de asistencia**

As faltas de asistencia xustificadas darán lugar ao dereito de repetir exames, actividades e tarefas ou prolongar o prazo de entrega. De non se xustificar, esa actividade o exame será avaliada cun cero.

Os criterios para xustificar as faltas están recollidos nas normas de organización e funcionamento do centro.

### **Pendientes**

Se houberse pendentes terían que asistir a clase, coas mesmas condicións que para o resto do alumnado.

### **Proba extraordinaria de setembro**

Aqueles alumnos que non superen a materia na convocatoria ordinaria realizarán unha proba única extraordinaria de recuperación no mes de setembro sen diferenciar avaliacións.

A proba escrita a realizar versará sobre tódolos contidos impartidos ó longo do curso. Será de contido teórico-práctico calificada sobre 10. Para aprobar a materia na convocatoria extraordinaria de setembro, será necesario chegar a unha nota mínima de 5 puntos.

### **Promoción**

Ao finalizar o curso, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado, tomándose especialmente en consideración a información e o criterio do profesor titor, fundamentándose nos estándares de aprendizaxe avaliados básicos acadados e na madurez do alumno.

## **Fundamentos de Administración e Xestión 2º de bacharelato**

### **Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.**

#### **Criterios de cualificación**

Como se indicou no apartado 4 da programación, en todos os estándares, que teñen o mesmo peso ou ponderación, empregaranse a **observación directa**, os **intercambios orais as producións do alumnado e as probas escritas**. A súa introdución na avaliación terá en conta os seguintes criterios de cualificación:

## **Cualificación cuantitativa**

**Probas escritas:** Farase unha **proba de síntese ao final de cada unidade**. Esta proba consistirá en preguntas tipo test ou preguntas de resposta curta referidas aos conceptos da unidade. Nestas probas o alumnado deberá demostrar a comprensión dos conceptos e a súa capacidade para relacionalos e aplicarlos a novos casos e situacións. Nalgunha proba poderá haber tamén unha parte práctica na que se apliquen os procedementos e estratexias aprendidos en clase.

O alumnado coñecerá a valoración de cada pregunta ao realizar o exame.

Se hai máis dun exame por avaliación, é necesario aprobalos todos (obter una cualificación non inferior a 5) para facer a media. As probas específicas ponderarán un **60%** na cualificación final.

Estes exames valoraranse de 0 a 10 puntos e logo aplicarase a ponderación.

Si durante o exame detecto de forma clara e manifesta calquera actuación sospeitosa dos alumnos relativa á utilización de materiais ou medios que supoñan un recurso externo (chuleta, axuda dalgún compañeiro ou compañeira, libros, móbil etc.) así como non seguir as instrucións ditadas pola docente para a realización da proba, suporá, que este alumno/a obterá a calificación de suspenso na referida proba (outorgándosele a cualificación de 0). Está totalmente prohibido o uso de calquera dispositivo electrónico (móviles, tabletas, reloxos ou calculadoras programables).

Para poder superar a materia é preciso obter neste apartado un 5 sobre 10.

**- Producións do alumnado:** Despois de cada unidade didáctica, os alumnos e alumnas deberán realizar actividades e exercicios de maneira individual sobre os contidos estudados e presentalos ó profesor para a súa corrección e avaliación. Ademais podrán realizar outras tarefas realizadas en grupos como o plan de empresa, que irán confeccionando durante todo o curso. En cada unha das avaliacións comprobarase o correcto desenvolvemento de dito proxecto.

As actividades teñen **carácter obrigatorio** para poder superar a materia. A produción do alumnado ponderará un **30%** na cualificación final. As distintas tarefas e actividades valoraranse sobre 10 puntos e logo aplicarase a ponderación do 30%. Para poder superar a materia é preciso obter neste apartado un 5 sobre 10.

Indicarse a data de entrega e non serán admitidas en datas posteriores, salvo casos de forza maior.

Valoraranse o desenvolvemento das ideas expostas, a claridade e precisión, o grao de comprensión dos contidos, o desenvolvemento das ideas expostas, a precisión na aplicación práctica dos conceptos teóricos, o uso con propiedade do **vocabulario técnico específico** da materia, presentación, caligrafía e limpeza.

Empregar calquera medio coa intención de enganar á profesora por parte dun alumno, tanto nas actividades como no plan de empresa supón un suspenso neste apartado.

- **Seguimento diario en clase (medido mediante os intercambios orais co alumnado e a observación directa):** Teráse en conta para a cualificación do alumno, a súa asistencia e puntualidade, a participación activa na clase, o uso ordenado do material entregado, a orde e o método ao realizar as tarefas, o respecto e tolerancia cos compañeiros e profesora, o seu comportamento na aula, a coordinación e comunicación nos grupos de traballo, a creatividade e a expresión das propias ideas, capacidade de busca de solucións a problemas, traer o material necesario a clase (apuntes, libreta) eo respecto ás normas de convivencia.

O seguimento diario en clase ponderará un **10%** na cualificación final. Para poder sumar este apartado é necesario acadar unha calificación positiva nos apartados referidos tanto a probas escritas como a produción do alumno.

### **Cualificación dunha avaliación**

A cualificación por avaliación é numérica sen decimais, do 0 ao 10. Esta cualificación obtérase a partir da análise por parte da docente dos instrumentos de avaliación xa citados. Para aprobar unha avaliación é imprescindible obter un mínimo de 5 puntos.

No caso de que a nota teña decimais, o redondeo quedara a decisión da profesora e realizarase en función da actitude no trimestre (segundo o seguimento diario).

### **Recuperación e reforzo**

Os alumnos/as que suspendan unha avaliación terán a oportunidade de recuperala. Ao alumnado que o requira, facilitaráselle actividades de recuperación e reforzo que poderán consistir en:

- Repetir determinadas actividades e exercicios encomendados na avaliación, cando se observase que na súa realización o alumno non dedicou o suficiente tempo ou esforzó, ademais deberá entregar correctamente o plan de empresa, e obter neles calificación positiva.
- Realizarase un exame de recuperación de **cada avaliación**, é dicir, en cada avaliación farase a recuperación pertinente.

Só será necesario realizar a recuperación dos estándares no que non se acade o grao mínimo de consecución establecido no apartado 4. Non será necesario realizar a recuperación se en algún estándar a consecución é do 40% ou superior e a media ponderada é de 5 ou superior.

### **Cualificación final da materia**

Para a nota final se estará á media das tres avaliacións de que consta o curso. Considerarase superado o curso si esa media é de 5 ou superior nota. Para ter aprobada a materia na convocatoria de xuño, é necesario ter superadas alo menos 2 avaliacións tendo na terceira delas unha cualificación non inferior ó 4. Como a cualificación final é numérica sen decimais, do 0 ao 10 será necesario realizar un redondeo; o redondeo farase segundo os criterios descritos con anterioridade ao longo de todo o curso.



### **Recuperación para o alumnado con faltas de asistencia**

As faltas de asistencia **xustificadas** darán lugar ao dereito de repetir exames, actividades e tarefas ou prolongar o prazo de entrega. De **non se xustificar**, esa actividade o exame será avaliada cun cero.

Os criterios para xustificar as faltas están recollidos nas normas de organización e funcionamento do centro.

### **Proba extraordinaria de setembro**

Se fóra necesario, por non conseguir unha cualificación de 5 na convocatoria de xuño, acudirá a convocatoria de setembro, Esta proba versará sobre tódolos contidos que se traballaron na aula ao longo do curso sen diferenciar avaliacións. Será de contido teórico-práctico calificada sobre 10. Para aprobar a materia na convocatoria extraordinaria de setembro, será necesario chegar a unha nota mínima de 5 puntos. Poderase esixir a entrega de traballos e actividades si non obten neles unha cualificación de 5 na convocatoria de xuño.

### **Promoción**

Ao finalizar o curso, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado, tomándose especialmente en consideración a información e o criterio do profesor titor, fundamentándose nos estándares de aprendizaxe avaliados básicos acadados e na madurez do alumno.

### **Pendientes**

Se houberse pendentes terían que asistir a clase, coas mesmas condicións que para o resto do alumnado.

## **Economía 4º ESO**

### **Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.**

Como se indicou no apartado 4 da programación, para avaliar ao alumnado, empregaranse: **probos escritos, producións do alumnado, observación directa e intercambios orais**. A súa introdución na avaliación terá en conta os seguintes criterios:

#### **Criterios de cualificación**

- **Probos escritos:** Faranse dúas ou tres probos escritos de contidos teórico-prácticos por avaliación. Os criterios de cualificación indicaranse cando se entreguen as probos corrixis. As cuestións teóricas serán preguntas curtas ou tipo test, pero poderá haber unha pregunta de desenvolvemento na que a claridade de exposición e a capacidade de síntese será valorada. Na resolución dos casos prácticos deberán figurar as operacións de modo que poida reconstruírse a argumentación lóxica e os cálculos do alumno. O alumnado coñecerá a valoración de cada pregunta ao realizar o exame.

Se hai máis dun exame por avaliación, é necesario obter unha cualificación non inferior a 4 para facer a media. As probos específicas ponderarán un 80% ou 90% na cualificación final.

As probas específicas ponderarán un 80-90% na cualificación final. Estes exames valoraranse de 0 a 10 puntos e logo aplicarase a ponderación.

Si durante o exame detecto de forma clara e manifesta calquera actuación sospeitosa dos alumnos relativa á utilización de materiais ou medios que supoñan un recurso externo (chuleta, axuda dalgún compañeiro ou compañeira, libros, móvil etc.) así como non seguir as instrucións ditadas pola docente para a realización da proba, suporá, que éste alumno/a obterá a calificación de suspenso na referida proba (outorgándosele a cualificación de 0). Está totalmente prohibido o uso de calquera dispositivo electrónico (móviles, tabletas, reloxos ou calculadoras programables).

**- Producións do alumnado:** Despois de cada unidade didáctica, os alumnos e alumnas deberán realizar tarefas e actividades realizadas individualmente ou en grupos, para realizar na clase (normalmente) ou na casa. A profesora indicará a data de entrega das actividades e non serán admitidas en datas posteriores salvo casos de forza maior.

A produción do alumnado ponderará un 10% na cualificación final. **Se non se puideran realizar as actividades nun número suficiente, a súa valoración pasará a incrementar (en todo ou en parte) a valoración das probas escritas.** O alumnado será informado con antelación.

Tanto nas probas específicas como no resto das producións, o alumnado deberá utilizar adecuadamente o vocabulario específico. A desorde, a falta de limpeza, na presentación, a mala redacción e os erros ortográficos suporán unha diminución na cualificación.

**- Seguimento diario en clase (medido mediante os intercambios orais co alumnado e a observación directa):**

Teráse en conta para a cualificación do alumno, a súa participación activa na clase, asistencia e puntualidade, a actitude na aula, traer o material necesario a clase (apuntes, libreta), a realización das tarefas propostas, o uso ordenado do material entregado, a orde e o método ao realizar as tarefas, o respecto e tolerancia cos compañeiros e a profesora, cumprir as normas de convivencia.

O seguimento diario en clase ponderará un 10% na cualificación final. Para poder sumar este apartado é necesario acadar unha calificación positiva nos apartados referidos tanto a probas escritas como a produción do alumno.

### **Cualificación dunha avaliación**

Esta cualificación obterase a partir da análise por parte da docente dos instrumentos de avaliación xa citados. Para aprobar unha avaliación é imprescindible obter un mínimo de 5 puntos

Como cualificación por avaliación é numérica sen decimais, é necesario realizar un redondeo. Este realizarase segundo a decisión da profesora en función da observación que teña feita do alumnado durante a avaliación: a actitude activa ou pasiva na clase, a participación, a regularidade ao longo do trimestre, o respecto ás normas de convivencia, a asistencia e puntualidade, a colaboración co grupo, a

participación nas actividades complementarias que se organicen, segundo o rexistro diario de seguimento.

### **Cualificación final da materia**

A cualificación final do curso obterase aplicando os mesmos criterios que nunha avaliación. O redondeo farase segundo os criterios descritos con anterioridade ao longo de todo o curso.

Para a nota final se estará á media das tres avaliacións de que consta o curso. Considerarase superado o curso si esa media é de 5 ou superior nota. Para ter aprobada a materia na convocatoria de xuño, é necesario ter superadas alo menos 2 avaliacións tendo na terceira delas unha cualificación non inferior ó 4.

### **Recuperación e reforzo**

Para aqueles alumnos que o precisen, facilitaránselles actividades de recuperación e reforzo e haberá unha proba de recuperación sobre os contidos de cada avaliación, é dicir, en cada avaliación farase a recuperación pertinente.

Só será necesario realizar a recuperación dos estándares nos que non se acadou o grao mínimo de consecución. Porén, non será necesario recuperar estándares nos que se obtivo un 4 ou máis, se a media con outros é de 5 ou superior.

### **Recuperación para o alumnado con faltas de asistencia**

As faltas de asistencia **xustificadas** darán lugar ao dereito de repetir exames, actividades e tarefas ou prolongar o prazo de entrega destas últimas. De non se xustificar, esa actividade será avaliada cun cero. Os criterios para xustificar as faltas están recollidos nas normas de organización e funcionamento do centro.

### **Proba extraordinaria de setembro**

Aqueles alumnos que non superen a materia na convocatoria ordinaria, por non conseguir unha cualificación de 5 na convocatoria de xuño realizarán unha proba única extraordinaria de recuperación no mes de setembro. Será de contido teórico-práctico calificada sobre 10. Esta proba versará sobre tódolos contidos que se traballaron na aula ao longo do curso sen diferenciar avaliacións.

### **Promoción**

Ao finalizar cada un dos cursos, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado, tomándose especialmente en consideración a información e o criterio do profesor titor, fundamentándose nos estándares de aprendizaxe avaliados non complementarios e na madureza do alumno.

## EDUCACION FINANCIERA 2º ESO

### **Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.**

Como se indicou no apartado 4 da programación, para avaliar ao alumnado, empregaranse: **probos escritos, producións do alumnado, observación directa e intercambios orais**. A súa introdución na avaliación terá en conta os seguintes criterios:

#### **Criterios de cualificación**

- **Probos escritos:** Realizarase a lo menos dúas probas escritas de contidos teórico-prácticos por avaliación. Os alumnos coñecerán a valoración de cada pregunta ao realizar o exame.

As cuestións teóricas serán preguntas curtas ou tipo test. Na resolución dos casos prácticos deberán figurar as operacións de modo que poida reconstruírse a argumentación lóxica e os cálculos do alumno. O alumnado coñecerá a valoración de cada pregunta ao realizar o exame.

Se hai máis dun exame por avaliación, é necesario aprobalos todos (obter una cualificación non inferior a 5) para facer a media. As probas específicas ponderarán un 80-90% na cualificación final. Estes exames valoraranse de 0 a 10 puntos e logo aplicarase a ponderación.

Si durante o exame detecto de forma clara e manifesta que algunha alumna ou alumno está copiando (chuleta, con compañeiro, libros, etc.) éste alumno/a obterá a calificación de suspenso na referida proba. Está totalmente prohibido o uso de calquera dispositivo electrónico (móviles, tabletas, reloxos ou calculadoras programables).

- **Producións do alumnado:** Despois de cada unidade didáctica, os alumnos e alumnas deberán realizar tarefas e actividades realizadas individualmente ou en grupos, para realizar na clase (normalmente) ou na casa. A profesora indicará a data de entrega das actividades e non serán admitidas en datas posteriores salvo casos de forza maior.

A produción do alumnado ponderará un 10% na cualificación final. **Se non se puideran realizar as actividades nun número suficiente, a súa valoración pasará a incrementar (en todo ou en parte) a valoración das probas escritas.** O alumnado sería informado con antelación.

Tanto nas probas específicas como no resto das producións, o alumnado deberá utilizar adecuadamente o vocabulario específico. A desorde, a falta de limpeza, na presentación, a mala redacción e os erros ortográficos suporán unha diminución na cualificación.

- **Seguimento diario en clase (medido mediante os intercambios orais co alumnado e a observación directa):**

Teráse en conta para a cualificación do alumno, a súa participación activa na clase, asistencia e puntualidade, a actitude na aula, traer o material necesario a clase (apuntes, libreta), a realización das tarefas propostas, o uso ordenado do material entregado, a orde e o método ao realizar as tarefas, o respecto e tolerancia cos compañeiros e a profesora, cumprir as normas de convivencia.

O seguimento diario en clase ponderará un 10% na cualificación final. Para poder sumar este apartado é necesario acadar unha cualificación positiva nos apartados referidos tanto a probas escritas como a produción do alumno.

Esta cualificación obterase a partir da análise por parte da docente dos instrumentos de avaliación xa citados. Para aprobar unha avaliación é imprescindible obter un mínimo de 5 puntos

Como cualificación por avaliación é numérica sen decimais, é necesario realizar un redondeo. Este realizarase segundo a decisión da profesora en función da observación que teña feita do alumnado durante a avaliación: (a regularidade ao longo do trimestre, é dicir, segundo o rexistro diario de seguimento).

### **Cualificación final da materia**

A cualificación final do curso obterase aplicando os mesmos criterios que nunha avaliación. O redondeo farase segundo os criterios descritos con anterioridade ao longo de todo o curso.

Para a nota final se estará á media das tres avaliacións de que consta o curso. Considerarase superado o curso si esa media e de 5 ou superior nota. Para ter aprobada a materia na convocatoria de xuño, é necesario ter superadas alo menos 2 avaliacións tendo na terceira delas unha cualificación non inferior ó 4.

### **Recuperación e reforzo**

Os alumnos/as que suspendan unha avaliación terán a oportunidade de recuperala. Ao alumnado que o requira, facilitaráselle actividades de recuperación e reforzo que poderán consistir en:

- Repetir determinadas actividades, cando se observase que na súa realización o alumno non dedicou o suficiente tempo ou esforzo.
- Realizarse un exame de recuperación de cada avaliación, é dicir, en cada avaliación farase a recuperación pertinente.

Só será necesario realizar a recuperación dos estándares nos que non se acade o grao mínimo de consecución. Porén, non será necesario recuperar estándares nos que se obtivo un 4 ou máis, se a media con outros é de 5 ou superior.

### **Recuperación para o alumnado con faltas de asistencia**

As faltas de asistencia **xustificadas** darán lugar ao dereito de repetir exames, actividades e tarefas ou prolongar o prazo de entrega destas últimas. De non se xustificar, esa actividade será avaliada cun cero. Os criterios para xustificar as faltas están recollidos nas normas de organización e funcionamento do centro.

### **Proba extraordinaria de setembro**

Aqueles alumnos que non superen a materia na convocatoria ordinaria, por non conseguir unha cualificación de 5 na convocatoria de xuño realizarán unha proba única extraordinaria de recuperación

no mes de setembro. Será de contido teórico-práctico calificada sobre 10, a materia versará sobre tódolos contidos impartidos ó longo do curso.

### **Promoción**

Ao finalizar cada un dos cursos, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado, tomándose especialmente en consideración a información e o criterio do profesor tutor, fundamentándose nos estándares de aprendizaxe avaliáveis non complementarios e na madureza do alumno.

Xefa do Departamento de Economía

Jacqueline Tomé Lojo